

Informe sobre os apelidos *Igrexas / Da Igrexa*

No apelido *Iglesias* actual conflúen os resultados de dúas orixes diferentes:

1. Un apelido que naceu xa en castelán e coa forma plural, *Iglesias*, que se usou como apelido administrativo en casos de paternidade descoñecida.

Francisca Iglesias, Nai Juana, Pai Incógnito (AHUS, 1841 Sar, Bautizados) // *Manuel Iglesias, Nai Fabiana, Pai Incógnito* (AHUS, Santiago, defuncións 07-06-1842) // *Rosa Iglesias, Nai Benita González, Pai Incógnito* (AHUS, Santiago, defuncións 02-09-1843).

Este uso desenvolveuse sobre todo a partir da segunda metade do século XVIII e posiblemente é o que explica a frecuencia actual do apelido, que no *Catastro de Ensenada* era relativamente insólito e hoxe ocupa o lugar número 15 por orde de frecuencias en Galicia. En España, *Iglesias* é característico da área occidental; fóra de Galicia, onde residen máis do 30% dos portadores, só alcanza densidades significativas nas provincias de Oviedo, Salamanca e Cáceres; nestas últimas hai dioceses que foron sufragáneas de Compostela ata mediados do século XIX.

2. Unha alteración, por creación dun plural secundario, dun apelido orixinario en singular (*de la Iglesia > Iglesias*). O plural supón tamén a perda da preposición.

Coñécense casos paralelos noutros apelidos (*do Campo / Campos; da Costa / Costas, da Fonte / Fontes; da Torre / Torres*, etc.). Para a alteración de *De la Iglesia* en *Iglesias* posuímos atestacións a partir do século XVII, por exemplo un racioneiro da Colexiata de Baiona que se rexistra indistintamente como *Benito de la Iglesia* ou *Iglesias* (1640, Baiona, PARES). En moitos casos esa alteración produciuse na Idade Contemporánea, a raíz da creación do Rexistro Civil na década de 1870.

Este apelido en singular, *de la Iglesia*, ten dúas orixes ou motivacións:

2.a. Como castelanización dun apelido de orixe toponímica, orixinario dun lugar chamado *A Igrexa* ou variantes (*Eirexa, Eirexe...*): *Alonso d' Eireje* 1550 AHUS, *María da Ygreia* 1569, *Bartolomé d' Ayreje* 1589 ACS, *Manuel de Ireje* 1809 ARG-GALICIANA .

2.b. Como sobrenome de imposición administrativa en casos de paternidade descoñecida.

Temos constancia desta segunda motivación para a forma castelá ou castelanizada: *María Antonia de la Iglesia*, expósita a.1817 AHUS; *Juan Antonio López de la Iglesia*, nado en 1841, fillo de *Antonio* e *Francisca*, avó materno *incógnito* (AHUS, Sar, Bautizados). Ás formas en

REAL ACADEMIA GALEGA

galego, que rexistramos ata o século XVII supónselles orixe toponímica, pero non podemos descartar que nalgún caso respondan tamén a este mesmo uso: *Pedro lánez dito da Igreja* a.1317 DocCatedralOurense, *Áluaro da Egleja, Pero da Egleja, Afonso da Egleja* a.1457 LN Rianxo¹, *Juan Fernández da Ygrexa* (Oia) a.1626 AHN

En consecuencia, para restaurar a forma galega do seu apelido ***Iglesias*** actual, ademais da exacta equivalencia ***Igrexas***, o solicitante tamén pode optar pola forma singular precedida de preposición ***da Igrexa***.

¹ LN Rianxo = Tato Plaza, Fernando R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457). Edición e glosario*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

